



axouxere
consello·editorial·galego

rúa xens, araña, 75
15984 **rianxo**

www.axouxere.info



Qué é Axóuxere?


Axóuxere é un proceso definido por un conxunto de creadores galegos independentes de todo forma ou dominio institucional. Inicialmente definidos como pensadores dunha nova orde configurativa do social, entendemos co paso do tempo que só somos *mediadores*. Mediadores dun xogo que provén de longo tempo pasado e do que nós temos constancia a través de todas as insurxencias que a través do tempo se foron definindo como novas aproximacións ao mundo, coma novos modelos de existencia ou acontecementos que, de modo solapado, transformaron o mundo, o real.

Non somos singulares, máis ca outros, máis ca aqueles que traballan o pensamento e se adican á edición ou ao pensar colectivo, ou ben a aqueles que pensan na convivencialidade como medio de subsistencia nun tempo que parece apocalíptico.


Hai, sen embargo, en nós, unha particularidade: nós non temos dominio fixo. Non cremos en ningunha instancia nomeadamente particular de sentido máis alá que a do nome rexional e autoformativo que cada un lle dá ao seu propio anxeo, desexo ou busca; non somos porén nominalistas, é dicir, non cremos nas máscaras nin nos rostros fixos, definidos, escurecidos pola larga ausencia do principio creativo orixinario. Cremos, iso sí, en que somos moitos e que actitude é moi importante para acadar unha comprensión do real o suficientemente aberta como para poder cambiálo. Por iso nos enfocamos no social coma orixe do noso inquadarnos permanente sobre as conformacións que, a día de hoxe, e dende sempre, foron a primeira palabra que constrúe o real, esas palabras que semellan provir da orixe e que responden a un patrón de danza que, aparentemente, non ten orde pero que, descoñecida dende a materia mesma, parece dicirnos que todo se artella arredor dun xogo. Din os hindúes que a palabra primitiva foi “xogade” e non meramente “sede”, tal vez por iso a nosa idea do real é a do xogo, porque aí, nese ámbito mixto donde todo se dá, a aparencia e o importante (o que nos fixeron crer como importante) desaparece na face burlesca de Dionisos, no riso có(s)mico que arredondea o fértil espacío nutriz do real e nos fai, definitivamente, navegar.

Como se formou Axóuxere?

No ano 2005 no Concello de Rianxo naceu unha proposta realmente particular: a **Uniat** (*Universidade Autónoma do Atlántico*). O proxecto tiña coma obxectivo crear unha rede de traballo social que, configurada en conxunto con todo o pobo de Rianxo, se fixera matriz dunha nova forma de concibir as relacións de coñecemento e creación dentro dunha microcomunidade, neste caso a rianxeira. Semellante ás Comunidades de Aprendizaxe que a día de hoxe teñen funcionamento en India, *Berkhana Institute*, ou en Oaxaca, México, a *Universidad de la Tierra*, fundadas ambas como patróns de conexión entre coñecementos tradicionais e novas formas de



comprensión do real; a idea era concibir unha síntese de traballo entre disciplinas aunándoas nunha mediación entre o teórico e o pragmático que dera pé a unha nova cosmovisión aberta e disciplinariamente interdependente. Axóuxere nacía con esa intención: crear unha Escola de Humanidades. A idea dese espazo era a de concibir un ámbito de creación de coñecemento que interconectara as propostas de toda clase coas formas tradicionais de saber, fiándose como ámbito entrelazado dunha nova consciencia virtual galega congregadora e unificadora do disperso. A idea da Escola era a de producir un coñecemento propio, coa inclusión de materias específicas de estudo pero tamén con programas abertos de interconexión a eses outros espazos coma a *Berkhana Institute* ou a *Universidad de la Tierra*, buscando portar coñecementos transfronteirizos, propios de cada rexionalidade activada por unha síntese común: a da resposta inmediata ao factor desestabilizador do Capitalismo contemporáneo, que crea alteración das conductas tradicionais e profire a dispersión en todo comportamento e actitude ante a vida. Para nós a Vida é a maior sabedoría que podemos adquirir e a ela nos entregamos e a ela adicamos o noso esforzo; pero ás veces os factores involutivos parecen crear contradicións donde antes había certezas, así pois os mesmos medios que aclamaron a Uniat, cando foi fundada a súa primeira tentativa, en conxunto con todas as instancias culturais de Rianxo, no Centro Cultural de Taragoña (Rianxo, 16 de Xuño do 2007) foron os mesmos que a desprezaron considerándoa contraria ás expectativas da sociedade galega, a raíz do conflito derivado do uso do termo *autónoma* para referirse á Uniat. Sen temor a dicilo, os astutos homes de negocios son os que sempre condenan cando vai contra as súas expectativas o que nun primeiro momento aclaman porque cren que diso poden sacar proveito. Pero nós, Axóuxere, mentras o noso soño non cumpra cabal destino, continuamos coma Nave de Argos na procura da nosa Illa Eterna. Agardamos.



Cales son as nosas premisas?


Non podemos pensar Axóuxere se non pensamos, ao mesmo tempo, na Ética. Por iso cremos que é preciso que definamos unha serie de principios de carácter universal para a nosa actuación. Non descremos de ningunha das formas rexionais de *crer* na sociedade e de facela presente en cada un dos nosos actos; pensamos, asimesmo, que todo ten un inicio e todo ten un final, que todo realza a súa singularidade a través da actividade e que tendo caso isto podemos presentarnos como modelizadores de carácter ético-estético, dado que pensamos no mundo coma un patrón conlindante con nós, de modo que, ausentes de todo tipo de dualidade, cremos na unidade en todas as súas formas e no proceso de resignificación do real a través da causa e do efecto innovadores, da síntese e do propio proceso de autoadoado significador. Podemos argüir que somos unha sorte de subxectivistas que cren no valor do un co outro, pero decididamente somos conscientes do proceso de vivir e do que iso significa no a través do tempo, en todas as eras e en todos os momentos históricos e que esa corrente oculta que mana por detrás dos nosos ollos é unha soa: a corrente fundacional da Linguaxe, a que despliega o inconsciente, esa que irriga feroz dende o fondo de nós mesmos e nos axuda a cocrear co outro unha nova forma de vida e de pensamento. A nosa situación é límite, non crendo en estruturas designadas e reticuladas polo social, instanciamos o noso proceso dentro desa estrutura social interconectándonos a ela como se fosemos *interfaces de cómputo* que paralizan o inmóbil mobilizando o luminoso / numinoso. A nosa actitude é vital, por antonomasia, e particularmente aberta, pero cremos que hai un modo de ser que é universal e cremos que hai unha forma de vida boa, un modo de vida bo, unha presenza do real única e unitaria, e a iso, con todas as nosas forzas, imos; non somos crentes en ningún Deus Absoluto, pero sí no proceso interconsciente do real en todo o que aquilo implica de novidade e frescos.

A onde nos leva Axóuxere?

Non sabemos cómo nin donde, non somos senón os nómades dos que tantas e tan variadas veces falaron pensadores coma Gilles Deleuze, Ossip Mandelstrâm ou Xesús, cando dicía aquilo de *"non fagades morada fixa, sede transhumantes coma o vento, nómades, errantes"*. Non podemos dicir que haxa un fin no noso proceso, posto que estaríamos mentindo, ben dicindo falsidade ben non concretizando nada certo, sen embargo si hai algo que nos move: **a idea de que é posíbel crear unha unión de actitudes dentro da social que creen un novo campo de experiencia.** Pensamos que estamos ao final dunha era, esta, desbordante, como di José Luis Sampedro -*"O sistema capitalista está definitivamente esgotado"*-, despois da cal se derivarán toda unha serie de formas de vida aproximadas a un novo principio: o da, por nós chamada, comunidade / ausencia de todo tipo de propiedade privada, no coñecemento, no intercambio activo de sensacións e percepcións; é posíbel que nos chamen comunistas, pero sería desacertado. Si cremos nunha cousa: en que o Mundo está cambiando e a actividade posproductiva levaranos a todos a un sintoma de despartenza que traerá, en necesidade, un novo paradigma de camiño e de obra, cousa que xa, no seu momento, previra Nietzsche, cando, na voz de Zarathustra, dicía que *"a miña vida é a miña obra, non outra"*. Así, coma el, nós cremos, moi desacertadamente con toda a cotidianidade tan ausente de si mesma, que o seguinte paso é o Espírito. Entendendo por isto todo aquilo que a cultura materialista esqueceu. A vida e a súa organización interna non pode ser reticulada por ningún principio salvo aquel que, por riba de todos, nos envolve: *o paradigma cocreador do ser.* Será por iso que, nalgún nivel ontolóxico, seguimos sendo crentes? A ese modo aberto de existir é a onde camiñamos; tal e como preconizou Ludwig Feuerbach na súa Filosofía do Porvir, *"o seguinte século é o da esperanza de que pensar e sentir poden ser unha mesma cousa, cando o Amor o media todo"*. Por que non dicir, abertamente, que nos leva o noso Destino e Navío ao Mar Insurrecto do Amor? Aí vamos.

A que ámbitos se dirixe Axóuxere?

Axóuxere por antonomasia non se dirixe a ningún ámbito; a nosa intención inicial, como foi dito, é a de crear unha Escola de Pensamento e Arte que mediada dende o social producira unha nova malla de coñecemento e actividade dentro de Rianxo, e -dende aí- aos diferentes ámbitos do mundo nos que a transfiguratividade na nova eira do coñecemento se está xerminando por innovación dos principios de uso e costume tradicionais. Mantemos ese principio, esa actitude, pero pensamos que, como primeiro movemento era preciso conformar un tipo de actividade que trouxera algo para o resto dos nosos, da nosa xente, ben en activacións sociocomunitarias (seminarios, conferencias, actividades de carácter lúdico ou didáctico) ou ben estruturas de cambio a través de procesos de índole cultural, tal coma as coleccións de pensamento contemporáneo ou edición electrónica nos que puideramos dar pé a esa inqueda que dende mozos nos provén do fondo do corazón: a Expresión Humana en todas as súas formas. Crems que **a Liberdade do ser está na súa Auto-Expresión.** Aí, porén, é ao ámbito ao que nos diriximos, sen embargo hai algo escondido, que algún día se manifestará. Mentras, pensemos-concebrems que hai unha nova Musa asociada a nós: a da Historia, a que nos recorda quén somos e de donde vimos: a Musa Clío.





Χλίο

Clío

Colección de Pensamiento Contemporáneo

| | |
|--|----|
| Presentación | 8 |
| Títulos Propostos | 10 |
| <i>Gilles Deleuze / Rizoma</i> | 12 |
| <i>Hakim Bey / Taz</i> | 14 |
| <i>Martin Heidegger / A Cousa</i> | 16 |
| <i>Ken Wilber / O Grande Niño do Ser</i> | 18 |

Nun momento no que a activación do pensamento crítico está a ser unha evidente necesidade dentro de todos os ámbitos socio-políticos a nivel global, e dado o singular momento histórico no que nos atopamos —no que as novas formas de relación que se veñen derivando do incesante desenvolvemento tecnolóxico, os tirapuxas da economía, as correntes migratorias masivas, etc., configuran un novo espazo de convivencia— semella preciso para calquera sociedade procurar pautas que sirvan de guía para a interpretación de tales circunstancias, axudando deste xeito ao nacer dunha nova conciencia implicada no devir da comunidade que o demanda. En **GALIZA** o proceso está a darse dun modo singularmente intenso, pois a confrontación da sociedade tradicional coa contemporánea está a provocar un permanente esforzo de redefinición de si mesma que a leva á procura de novos paradigmas nos ámbitos teóricos e pragmáticos que atinxen á comunidade.

Por outra banda, se a nivel colectivo se dá esta necesidade, no individual tamén deixan de ser efectivos os vellos paradigmas clásicos, de xeito que nace entre as persoas un pulo artellador de novas ferramentas que contribúan á Reflexión da contemporaneidade, do ser e do humano.


Clío (musa asociada tradicionalmente á historia do pensamento) é unha colección que nos convida a facer un repaso dalgunhas obras que, tendo nacido fundamentalmente no século pasado, supoñen apuntamentos para un maior desenvolvemento do humano en **SOCIEDADE** e que, non tendo sido suficientemente asumidas, permanecen non só en completa vixencia, mais no cadro de expectativas posíbeis para o presente e o futuro. Textos que suxiren puntos de partida e sinalan camiños inexplorados para un pensar co denominador común da fe nunha sociedade mellor para todos.

A colección pretende pór o seu gran de area nese movemento inevitábel, tendo en conta a presenza no país de moitos autores que timidamente van poñendo o pé no terreo do ensaio literario e o pensamento, recuperando e reescribindo así unha tradición iniciada xa nos tempos da xeración

«Nós», e retomada posteriormente nos de Galaxia; tendo tamén en consideración o crecente número de asociacións civís en torno ao mundo da cultura, a arte, a tecnoloxía, o desenvolvemento colectivo comunitario, etc.; e sabéndose inserida nunha sociedade que, asolagada na sobrecarga informativa, demanda unha análise crítica transparente. Clío tenta ser estímulo para o encontro, o intercambio e o debate, traendo unhas fontes das que todos poidamos beber.

Para este fin propoñemos unha serie de textos escritos orixinariamente noutras linguas e que non dispoñen de tradución en galego e, nalgúns casos, tampouco en español; creados na súa meirande parte ao longo do século XX, aínda que damos cabida a algún anterior ou mesmo posterior, considerando a súa pertinencia dentro das aspiracións da colección. Textos de **ANÁLISE** heteroxéneos que desde diferentes perspectivas (metafísica, activismo social, estética, fenomenoloxía, etc.) tratan de conseguir a través do conxunto unha ollada integral sobre os factores que diraccionan o Mundo contemporáneo.

Trátase de escritos de extensión relativamente breve (non máis de 100 páxinas) para publicar en formato de peto, manexábel, e con edición coidada; dando ao propio formato un sentido funcional no que o libro se constitúe en ferramenta de traballo intelectual e pedagóxica. Cada título estaría daquela composto por dúas partes: o texto, traducido integramente da súa lingua orixinal; e un breve estudo introdutorio a cargo do tradutor ou unha persoa que traballase especificamente para a Edición. A introdución funcionaría por unha banda como aproximación, contextualizando o escrito en relación ao momento da súa concepción e ao seu autor, abrindo así o campo de estudo sobre a obra; e, por outra, como guía para a lectura, facendo seguimento da súa recepción e interpretacións suscitadas ao longo do tempo e a través dos diferentes autores influenciados en calquera ámbito, así como da vixencia actual do discurso. Engadiríase, en relación a isto, unha pequena bibliografía na que o lector atopase portas para a indagación particular ou colectiva.



Jiddu Krishnamurti,
filósofo hindú fundador
da *Escola de Brookwood
Park* (Inglaterra)

Gilles Deleuze
Rizoma

Hakim Bey
TAZ

Martin Heidegger
A Causa

Maurice Merleau-Ponty
O Olho e o Espírito

Jean Baudrillard
A Lógica do Invisível

Maurice Blanchot / Michel Foucault
Foucault / Blanchot

Vilém Flusser
A Cultura Mediática

Michael Heim
Metafísica do Virtual

Ken Wilber
O Grande Niño do Ser

Jiddu Krishnamurti
O Cerne do Conflito

Georges Bataille
A Experiencia Interior

Aldous Huxley
As Portas da Percepção



Gilles Deleuze

París, 1935

Estuda Filosofía na Sorbonne e comeza a configurar o seu pensamento a partir dos anos cincuenta coa publicación de

Diferenza e Repetición e Lóxica do Sentido. *En 1969 coñece a Felix*

*Guattari, procedente do ámbito da psicanálise, co que comeza unha longa e fructífera relación que cristaliza na publicación de varios volumes, coma: **Que***

é a Filosofía? ou Capitalismo e Esquizofrenia: o Antiedipo.

A súa análise toca case todos os ámbitos do pensamento e da reflexión, aínda cando ten definido máis precisamente o seu proceso de construción da realidade dende o

aspecto do pensar interdisciplinar que abrangue o mundo en toda a súa

multimorfía á luz da

relectura dos clásicos, tales coma Spinoza ou Leibniz:

o seu pensar é transbordante dunha nova forma de

concepción do real coma vida e vivencialidades propias.




Tradución do orixinal francés
a cargo de {sen definir}

90 Páxinas, a branco e negro
con ilustracións a duotono

Introdución de {sen definir}
con Bibliografía e Mapa conceptual

Rizoma

Escrito e publicado en Francia en 1976, foi concibido inicialmente como introdución de *Mil mesetas* (1980). O autor desenvolve nel as bases dun concepto esencial no modo de comprender e enfocar as relacións constitutivas do real, plantexando un campo de relacións exento de xerarquía vertical: multicéntrico, polifuncional e autoxénico en cada un dos seus elementos, así como tamén en permanente emerxencia. A influencia de *Rizoma* resoa en moitos ámbitos do coñecemento (bioloxía, arquitectura, organización social, etc.) do mesmo xeito que nos presenta a base dunha nova concepción que se irmanda coa idea dun novo paradigma do coñecemento.



Tradución do orixinal inglés
por {sen definir}


100 Páxinas, a branco e negro
con ilustracións a duotono

Introdución de {sen definir}
con Bibliografía e Mapa conceptual

Zonas Autónomas Temporais

Temporary Autonomous Zone, 1990

Desde un espírito arraigado no *anarquismo ontolóxico*, o autor norteamericano propón as TAZ (inicias en inglés de *Zonas Temporalmente Autónomas*) como modelo de comunidades libertarias. Comunidades mutantes en tanto que a súa realización non é permanente nin localizábel para o sistema, pois no momento en que unha delas poida ser nomeada debe desaparecer como tal para re-aparecer noutro lugar e con outra forma distinta. Hakim Bey insta ao *nomadismo psíquico* como base para calquera desenvolvemento das TAZ, e propón a idea de *Revolta* fronte á de *Revolución*, pois entende esta última como un proceso asimilado por un sistema que o utiliza ciclicamente para autolexitimarse.



*“Se a Historia é Tempo, como declara ser,
daquela a Revolta é o momento
que agroma por riba e fóra do
Tempo, violando a lei da Historia”*

Hakim Bey

New York, 1945

Ensaísta e poeta, descríbese a si mesmo como un anarquista ontolóxico. Coñecido a raíz da publicación de TAZ (Temporary Autonomous Zone), está ligado ao movemento crítico contemporáneo a través da tecnoloxía. Considerado pai ideolóxico dos hackers, a súa traxectoria inclúe unha fonda revisión do soño anarquista pasando pola influencia mística de tradicións como o sufismo e resistemizando a visión situacionista. A súa obra é de carácter fundacional dun novo soño utópico, baseado na crítica constitutiva dos filibusterios, comunas piratas do século XVI.




a Cousa

Tradución do alemán por *{sen definir}*


Introdución de *{sen definir}*
con Bibliografía e Mapa conceptual

80 páxinas a *branco*
e *negro* con ilustracións a duotono




Martin Heidegger

Heidelberg, 1878



Ás veces a metafísica resulta aburrida, pero neste caso, o autor, consegue darnos un punto de vista aberto á cuestión do ente, modo de definir, polos filósofos, a todo aquilo existente como "algo". A esencia do diálogo entre a cousa e o home que a pensa (e que a crea) tráelle a Heidegger resonancias de carácter cuase zen, no xeito en que o envolvente, o entorno, codifica, de modo simultáneo ao suxeito, un sentido que, por riba de todo o determinado, sempre se lle escapa á razón: formidábel análise da arte contemporánea. Ás veces unha boa conferencia é a mellor introdución a un pensador tal que este.

Heidegger é, máis alá do ámbito da Filosofía, un dos expoñentes da Metafísica a nivel contemporáneo. Enraizado nunha tradición netamente alemá, a súa obra trascende esas fronteiras para pensar, en toda a súa singularidade, o acontecemento do mundo en ámbitos coma a poesía, a arte ou a tecnoloxía. Actualmente é considerado, no ámbito meramente filosófico, o creador dunha obra, *Ser e Tempo*, que, por riba de datas, é un clásico ineludíbel no pensamento.



Ken Wilber *Boulder, 1956*

Ken Wilber é, para algúns, un guía dunha nova forma de concebir a psicoloxía, de feito é neste campo donde encadra a súa primeira obra, *O Espectro da Consciencia*, co que consegue unha ampla reputación na chamada Psicoloxía Integral, defendendo un modelo holográfico da Consciencia; a súa obra acadou fama na última tempada debido a que, por riba de modas e modelos dispersivos, platea unha procura unificadora á investigación universal dun modelo holístico de comprensión da realidade; o seu libro *Teoría do Todo* foi unha aposta ao feito enxergante dunha nova cosmovisión que encadrase un modelo neunitario nos vellos comportamentos dualísticos e fragmentadores.




O Grande Niño do Ser *(ensaio)*

Tradución do orixinal inglés por {sen definir} / 80 Páxinas, a branco e negro con ilustracións a duotono / **Introdución** de {sen definir} con Bibliografía e Mapa conceptual

A través do pensar occidental, na súa síntese, Ken Wilber explora neste conxunto de ensaios a interconectividade entre as disciplinas tradicionais universais, tales coma as chamadas sabedorías eternas, as filosofías perennes, coas novas aproximacións do pensamento, da ciencia e da tecnoloxía contemporánea. Como é posíbel concatenalas? Facelas proseguir un modelo de cohesión que as explicite a ambas coma modelos dependentes o un do outro no mesmo trasfondo común: o Universo?



edición



| | |
|--------------------|----|
| Capa / Contracapa | 22 |
| Interiores | 24 |
| Proceso de Edición | 26 |
| Otros Proyectos | 28 |



Capitalismo, Migracións & Loitas Sociais

*Sandro Mezzadra**

1* Sandro Mezzadra: *“O meu esforzo está adicado a desenvolver a ambivalencia mesma da condición migratoria, máis alá da retórica de victimización.”*



Di Sandro Mezzadra nunha conversa mantida no ano 2004 co colectivo Situacións de Arxentina: *“O meu esforzo está adicado a desenvolver a ambivalencia mesma da condición migratoria, máis alá da retórica de victimización pero, ao mesmo tempo, tratando de pór no centro da discusión teórica e política a tensión entre a realidade da opresión e a busca de liberdade, que é un rasgo característico de moitas experiencias migratorias.”*

Sandro Mezzadra é Profesor da Universidade de Roma e autor dunha vasta obra de pensamento e análise sociopolítica. A súa actualidade ponse en contexto cunha realidade migratoria de seu na que a crítica deste fenómeno foi reiterativa, de modo pouco crítico, e porén ausente de todo compromiso ético cun cambio de mentalidade. Agardamos que este sexa un primeiro motor analítico para introducir obras que, coma a de Mezzadra, traian unha nova forma de concepción do noso real.



pensamento
VOLUME UN
axóuxere

Zonas Autónomas Temporais

Como é que o mundo posto do revés consegue sempre endereitarse? Por que a reacción sempre segue á revolución, como unha tempada no inferno?

Revolta, ou a forma latina *insurrección*, son verbas que os historiadores utilizan para etiquetar as revolucións *fracasadas* -movementos que non rematan o ciclo previsto, a traxectoria estandarizada: revolución, reacción, traizón, fundación dun estado máis forte e aínda máis opresivo- a volta de rosca, o retorno da historia unha e outra vez á súa forma máis elevada: a patada eterna no rostro da humanidade.

Ao fallar no cumprimento da traxectoria, a revolta suxire a posibilidade dun movemento que escapa e vai alén da espiral hegeliana dese “progreso” que secretamente non é outra cousa que un círculo vicioso. *Surgo*: alzamento, revolta. *Insurgo*: rebelión, rebelarse. Unha operación de arranque. Un adeus a esa miserábel parodia da roda kármica, histórica futilidade revolucionaria. O slogan “Revolución!” pasou de ser sinal de alerta a toxina unha maligna e pseudo-gnóstica trampa do destino, un pesadelo onde non importa como loitemos, nunca nos libramos dese maligno Aeón, íncubo do Estado, un Estado após do outro, cada “paraíso” gobernado por un anxo aínda mais cruel.

Se a Historia É “Tempo”, como declara ser, daquela a revolta é o momento que agroma por riba e fóra do Tempo, violando a “lei” da Historia. Se o Estado É Historia, como declara ser, entón a insurrección é o momento prohibido, unha imperdoábel negación da dialéctica -gabar polo esteo e fuxir pola cheminea, unha manobra xamanística realizada nun “ángulo imposible” en relación ao universo. A Historia di que unha Revolución atinxe “permanencia”, ou polo menos algunha duración, en tanto que a revolta é “temporal”. Neste senso, unha revolta é unha “experiencia cume” en contraposición ao patrón estándar de consciencia e experiencia. Como os festivais, as revoltas non poden acontecer todos os días - ou non serían “extraordinarias”. Mais estes momentos de intensidade configuran e dan sentido a toda unha vida. O xamán retorna - unha persoa non pode ficar no tellado para sempre “mais algo mudou, sucederon desprazamentos e integracións: foi establecida unha *diferenza*.

Hakim Bey

Podemos argüír que é un consolo desesperado. Que foi do soño anarquista, do estado sen Estado, da comuna, da zona autónoma *duradeira*, da sociedade libre, da *cultura* libre? Imos abandonar esta esperanza por un *acte gratuit* existencialista? A idea non é mudar a consciencia, mais mudar o mundo. Acepto isto como unha crítica xusta. Mais faría dúas réplicas. Primeiro, a *revolución* até hoxe non nos levou á concretización dese soño. A visión cobra vida no momento da revolta mais en canto a “Revolución” triunfa e o Estado retorna, o soño e mais o ideal *xa* están traizoados. Non renuncio á esperanza nin deixo de confiar nun cambio mais desconfío da palabra *Revolución*. En segundo lugar, mesmo se substituímos o enfoque revolucionario polo concepto de *insurrección que espontaneamente se transforma nunha cultura anarquista*, a nosa situación histórica específica non é propicia para tan vasta tarefa. Absolutamente nada, alén dun martirio inútil, podería resultar dunha confrontación directa contra o Estado terminal, a megacorporación do Estado da información, o imperio do Espectáculo e da Simulación. Todos os seus revólveres están orientados cara a nós, mentres que o noso escaso armamento non encontra nada ao que apuntar, de non ser a unha histérese, a unha rixida vacuidade, a un espectro capaz de converter cada faísca nun ectoplasma de información, a unha sociedade da capitulación rexida pola imaxe do Policía e polo ollo absorbente da pantalla de TV.

En resumo, non queremos dicir que a TAZ sexa un fin en si mesma, substituíndo todas as outras formas de organización, tácticas e obxectivos. Nós recomendámola porque pode fornecer á revolta dun aspecto asociado de mellora sen necesariamente levar á violencia e ao martirio. A TAZ é unha especie de revolta na que non hai confrontación directa co Estado, unha operación de guerrilla que libera un área (de terra, de tempo, de imaxinación) e logo se dissolve para se re-formar nalgues/noutrora, *antes* que o Estado poida esmagala. Como o Estado se preocupa primordialmente da Simulación, e non da substancia, a TAZ pode acadar unha relativa paz por un bo tempo e “ocupar” clandestinamente esas áreas para realizar os seus propósitos festivos. Talvez algunhas pequenas TAZ teñan durado xeracións por pasar

Terpsícore

A audición da obra, ás veces, trae unha mellor comprensión; nós, os que creamos Terpsícore, somos coma os nenos, auditores de todas as voces que o real crea pero distantes do texto, por iso buscamos escoitar antes que ler. Esta colección ten como fin narrar as historias de vello da nosa tradición galaica con artificios sonoros que creen contextos atmosféricos electrónico-acústicos que prodiguen en síntomas abraiantes as intraformulacións que o texto porta.

Ramón Otero Pedrayo

Arredor de Sí

Adolfo Daniel Rodríguez Castelao

Cousas

Ramón Piñeiro

Filosofía da Saudade

outros proxectos

Calíope / καλλιοπη

A literatura nas súas formas máis introspectivas creou, durante moitísimo tempo, obras de calado singular no pensamento e na apertura autoanalítica que ten fondura nas concepcións do mundo coma relato, narrativa ou conto. A nosa intención con esta colección é traer esas obras de carácter autonarrativo que dan fe dunha visión autónoma do mundo e dos seus quefaceres: unha análise de outro é a mellor análise de un mesmo.

Camille de Toledo

Archimundano Jolipunk

Confesións dun xove a contrafrío

Edmond Jabes

Do Deserto ao Libro:

Conversacións con Marcel Cohen

Henry David Thoreau

Walden ou a Vida nos Montes



”

*a metade do
camiño é dar o*
primeiro paso

“

proverbio galés